



AFONDAMENTO NAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Liliana García Lago

*“La finalidad es que el alumnado adquiriera **habilidades** tanto comunicativas en lengua extranjera como en ámbitos profesionales específicos, facilitando la superación de entrevistas de trabajo, así como el desempeño diario de las tareas profesionales en contextos laborales cada vez más internacionalizados”.*

*“En el módulo de **Profundización en las competencias profesionales**, los centros, en coordinación con el departamento de la familia profesional a la que esté asociado el ciclo formativo, conforme a los recursos disponibles, podrán determinar sus contenidos específicos, que podrán orientarse a habilitaciones profesionales, **habilidades blandas**, aprendizaje de una lengua extranjera u otra formación propia que complemente el perfil del ciclo formativo.*

La programación de este módulo será elaborada por el profesorado que lo imparte, con el visto bueno del departamento, y deberá incluir por lo menos el siguiente:

- a) Objetivos específicos del módulo.*
- b) Resultados de aprendizaje y criterios de evaluación*
- c) Conjunto de las actividades que se deban trabajar de modo individual o en grupo.”*

- ✓ Comunicación clara e efectiva
 - ✓ Trabajo en equipo e inteligencia emocional
 - ✓ Gestión de conflictos e negociación
 - ✓ Creatividad, adaptación e liderazgo positivo
- marcan a diferencia no mundo laboral**

Unidades didácticas

UD01. Ética, legalidade e calidade na práctica profesional

RA1. Analiza os principios éticos, legais e de responsabilidade profesional vinculados á práctica da imaxe para o diagnóstico e a medicina nuclear.

UD02. Calidade e seguridade na práctica da imaxe médica

RA2. Aplica procedementos de calidade e seguridade orientados á mellora continua no servizo de imaxe médica.

UD03. Lectura crítica e evidencia científica na práctica da imaxe médica

RA3. Busca, analiza e interpreta literatura científica e técnica relevante para fundamentar decisións profesionais e mellorar a práctica asistencial.

UD04. Innovación e desenvolvemento profesional continuo en imaxe médica

RA4. Integra a innovación, a investigación aplicada e a aprendizaxe permanente como parte do desenvolvemento profesional.

UD01. Ética, legalidade e calidade na prática profesional

Liliana García Lago

Ética, legalidade e calidade na prática profesional

1. Principios éticos fundamentais
2. Normativa básica
3. Calidade asistencial
4. Dilemas éticos

1. Principios éticos fundamentais

VERITAS, Nº 22 (Marzo 2010) 121-157

ISSN 0717-4675

Los principios de la bioética y el surgimiento de una bioética intercultural

JUAN CARLOS SIURANA APARISI
Universidad de Valencia (España)
juan.c.siurana@uv.es

Resumen

En este trabajo defiendo que el debate internacional sobre los principios de la bioética es uno de los más fructíferos para construir los fundamentos de una bioética intercultural. Tras recordar en qué consisten los principios de la bioética, tal y como han sido defendidos por Tom L. Beauchamp y James F. Childress en Estados Unidos, ofrezco una breve mirada a estos principios desde Europa, América Latina, África y Asia. Continúo con una reflexión sobre dichos principios desde algunas de las grandes religiones del mundo. Todo ello me permite ofrecer importantes elementos para construir las bases de lo que podríamos llamar una «bioética intercultural».

Palabras claves: principios de la bioética, bioética intercultural, Beauchamp, Childress, religiones.



1. Principios éticos fundamentais

Bioética = Estudo dos problemas éticos que expoñen a investigación e a aplicación de técnicas biolóxicas ou médicas. Segundo a **bioética clásica de Beauchamp e Childress**, os principios fundamentais aplicados á práctica sanitaria son:

- **Autonomía**: respecto ás decisións do paciente (consentimento informado, dereito a saber).
- **Beneficencia**: actuar buscando sempre o mellor para o paciente.
- **Non maleficencia**: evitar causar dano, aplicable en radioprotección (ALARA).
- **Xustiza**: equidade no acceso ás probas diagnósticas, sen discriminación.

Hai outros principios que tamén guían a actuación do profesional sanitario → **Deontoloxía profesional**:

- ✓ **Confidencialidade** → deriva do respecto á autonomía e á intimidade.
- ✓ **Veracidade** → deber de dicir a verdade ao paciente.
- ✓ **Fidelidade/deber profesional** → compromiso de actuar con responsabilidade, honestidade e respecto á dignidade do paciente.
- ✓ **Solidariedade** → máis presente en enfoques europeos e comunitarios.

2. Normativa básica

- [Lei 44/2003, de ordenación das profesións sanitarias](#) (LOPS) → define funcións e responsabilidades do Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear.
- [Lei básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica](#) (Lei 41/2002) → consentimento informado, dereito á intimidade e á información clínica.
- [Protección de datos](#) (RGPD/LOPDGDD) → confidencialidade das imaxes médicas e historias clínicas.
- [Normativa de radioprotección](#) → RD 601/2019 (*protección radiolóxica fronte a radiacións ionizantes*), regulamentos do CSN.
- [Código deontolóxico dos profesionais sanitarios](#). Código “boas prácticas” AETR.



3. Calidade asistencial

3.1. Control de calidade asistencial

A **calidade asistencial** refírese ao conxunto de características dos servizos sanitarios que aseguran que o paciente recibe a atención adecuada, no momento adecuado e co menor risco posible. Inclúe tres dimensións clave:

- ✓ **Eficacia** → que a proba sexa útil para o diagnóstico (imaxe válida para a interpretación médica).
- ✓ **Seguridade** → evitar riscos innecesarios (radiación, repetición de probas, erros técnicos).
- ✓ **Satisfacción do paciente** → trato humano, información comprensible, respecto á dignidade e intimidade.

Outras dimensións tamén recoñecidas polos sistemas de calidade:

- ✓ **Accesibilidade** → que os pacientes teñan acceso á proba sen demoras excesivas.
- ✓ **Eficiencia** → conseguir o mellor resultado posible empregando os mínimos recursos.
- ✓ **Equidade** → que todos os pacientes reciban atención en condicións iguais, sen discriminación.

3. Calidade asistencial

3.2. Control de calidade da imaxe

O control de calidade busca que a **imaxe sexa diagnóstica** (boa resolución, contraste, definición) cunha dose mínima de radiación para o paciente. O técnico en imaxe para o diagnóstico debe:

- ✓ **Optimizar parámetros** de exposición (kV, mA, tempo, colimación, filtros).
- ✓ **Aplicar protocolos** de dose pediátricos e adaptados á complexión do paciente.
- ✓ **Revisar e calibrar** equipos periodicamente: TC, RX, RM, PET, gammacámaras.
- ✓ **Previr repetición** de probas → formación, mantemento de equipos e comunicación co paciente.
- ✓ Seguir o principio **ALARA** (*As Low As Reasonably Achievable*).

Os instrumentos habituais tidos en conta para levar a cabo este control son:

- Fantomas (para comprobar resolución espacial, contraste, ruído de imaxe).
- Sistemas PACS/RIS para rexistro e trazabilidade da calidade das probas.
- Protocolos de control de calidade do CSN e IAEA.

3. Calidade asistencial

3.3. Protocolos e guías clínicas

Os **protocolos** son documentos que describen como realizar un procedemento de forma estandarizada. A súa importancia:

- ✓ Garantir que todos os pacientes son tratados baixo os mesmos criterios → equidade e seguridade.
- ✓ Reducir variabilidade → evitar erros entre diferentes profesionais/quendas.
- ✓ Facilitar o traballo en equipo → todos saben que pasos seguir.
- ✓ Apoiar a formación do alumnado e novos profesionais.

Exemplos de protocolos:

- Guías, protocolos e consentimentos. SERAM, SENIMN.
- Normas de seguridade da IAEA.

3. Calidade asistencial

3.4. Mellora continua da calidade

A calidade asistencial non é estática, require avaliación e actualización constante. Podemos destacar como ferramentas de mellora as seguintes:

- **Auditorías internas e externas:** revisión de procesos e resultados.
- **Indicadores de calidade:** % de repetición de probas, tempos de espera, satisfacción do paciente.
- **Normas ISO** (ex. ISO 9001): sistemas de xestión da calidade implantados en hospitais para garantir procesos eficientes e seguros.
- **Comités de calidade hospitalaria:** equipos multidisciplinares que revisan incidentes, propoñen cambios e monitorizan resultados.
- **Participación activa do técnico:** Informar sobre incidencias e erros detectados. Propoñer melloras no fluxo de traballo. Participar en cursos de actualización.

A calidade asistencial é unha responsabilidade compartida en todo o equipo, pero o técnico xoga un papel clave garantindo imaxes útiles, minimizando riscos e participando na mellora continua.

4. Dilemas éticos

Na práctica diaria, o técnico en imaxe para o diagnóstico enfróntase a situacións complexas nas que non sempre hai unha resposta única. Estes **dilemas éticos** requiren aplicar os principios fundamentais (*autonomía, beneficencia, non maleficencia e xustiza*), ademais doutros valores como a confidencialidade, a honestidade e o deber profesional.

Exemplos habituais de dilemas éticos

- **Paciente que se nega a unha proba indicada:** Conflito entre autonomía do paciente e beneficencia do profesional. O técnico debe respectar a decisión do paciente, asegurándose antes de que este comprenda ben a información.
- **Solicitud de familiares para ocultar información ao paciente:** Conflito entre dereito á información/autonomía e vontade da familia. O deber profesional é respectar o dereito do paciente a coñecer a súa situación.
- **Uso de doses superiores ás recomendadas para mellorar a calidade da imaxe:** Conflito entre beneficio diagnóstico e risco radiolóxico. O principio ALARA obriga a buscar o equilibrio: boa calidade diagnóstica co mínimo risco.

4. Dilemas éticos

Exemplos habituais de dilemas éticos

- **Necesidade de repetir unha proba** → risco de máis radiación. Conflito entre obter unha imaxe válida e evitar radiación innecesaria. A repetición debe ser xustificada, informando ao paciente e optimizando os parámetros.
- **Xestión de erros profesionais** (ex.: repetir unha proba por fallo técnico → recoñecelo ou ocultalo): Conflito entre responsabilidade/ética profesional e medo ás consecuencias. O deber ético é recoñecer o erro, rexistralo e aprender del, sempre priorizando a seguridade e confianza do paciente.

Tarefas

- ❑ **Tarefa 1.1.** Traballaredes en grupos para analizar **casos prácticos de diversos dilemas éticos** e propoñer solucións profesionais. Emprega as seguintes preguntas como guión:
- Que principios profesionais se ven afectados?
 - Como se debería xestionar ou que consecuencias pode ter?
 - Como debería actuar o profesional? Ou que recomendacións lle darías para o futuro?



Caso práctico 1: Un técnico comenta nun grupo de WhatsApp datos persoais dun paciente (nome, diagnóstico e imaxes). Os compañeiros reaccionan con bromas e comentarios pouco respectuosos.

Caso práctico 2: Un profesional equivócase ao identificar unha proba (coloca datos doutro paciente) e, ao decatarse, decide non informar do erro para evitar represalias.

Caso práctico 3: Durante unha proba de diagnóstico, a imaxe obtida non cumpre cos estándares de calidade e non é válida para o diagnóstico. O paciente ten que repetir a exploración, o que supón maior incomodidade e dose de radiación.

Caso práctico 4: Un profesional emprega impresora, material e correo do centro sanitario para asuntos.

Caso práctico 5: Un paciente inmigrante non fala galego nin castelán. O técnico non mostra paciencia e trátalo con pouca empatía.

Caso práctico 6: Antes dunha proba non se lle explica ao paciente en que consiste nin os riscos. Accede, pero logo quéixase de falta de información.

Caso práctico 7: Un profesional publica en redes unha foto no posto de traballo. No fondo aparecen pantallas con datos de pacientes.

Caso práctico 8: Un técnico asume máis tarefas das que lle corresponden por falta de persoal. Comete erros menores e decide non informar.

Tarefas



Tarefa 1.2. DEBATE. TRABALLO GRUPAL. A confidencialidade da información clínica e das imaxes médicas é un **dereito fundamental** do paciente e unha **obriga profesional** do técnico. Por último neste apartado imos a reflexionar sobre se a protección de datos está realmente garantida ou se hai riscos que mellorar.

Dividimos a clase en grupos: **A FAVOR/EN CONTRA**

Escollemos un **moderador/a** en cada grupo e traballamos os posibles argumentos do debate e posteriormente realizamos o debate organizado:

- a) *Presentación*: cada equipo presenta os seus argumentos principais
- b) *Réplicas e contrarréplicas*: cada grupo responde aos argumentos do outro.
- c) *Preguntas abertas*: o docente ou o alumnado poden formular cuestións a ambos grupos.
- d) *Resumo final*: cada grupo expón en 2 min a súa conclusión.



Tarefas



Tarefa 1.3. (TRABALLO INDIVIDUAL) Análise crítica do proxecto de Lei de Saúde Dixital.

Le unha noticia recente sobre o proxecto de Lei de Saúde Dixital e a historia clínica interoperable en España e na UE. A partir dela, elabora un texto individual (2 páxinas máximo) no que expoñas:

- Unha explicación clara do contido da nova, cun enlace á mesma.
- Unha pequena reflexión sobre a etapa na que se atopa na actualidade.
- As oportunidades e os riscos que pode supoñer para o ámbito sanitario.
- A relación que atopas con aspectos de ética, legalidade e calidade asistencial traballados na unidade.
- A túa opinión persoal sobre se cres que mellorará ou non a atención sanitaria, e por que.

Bibliografía/Webgrafía

- ❑ *“Ética y deontología para profesionales sanitarios”* – Editorial Elsevier.
- ❑ *“Derecho sanitario y bioética clínica”* – López Guzmán, Editorial Dykinson.
- ❑ *“Calidad en radiodiagnóstico: control y garantía de calidad en instalaciones de rayos X”* – CSN
- ❑ *“Bioética y profesión sanitaria”* – Diego Gracia, Triacastela.



- ❑ Consello de Seguridade Nuclear (CSN) → guías de radioprotección: www.csn.es
- ❑ Ministerio de Sanidad → normativa sobre profesiones sanitarias: www.sanidad.gob.es
- ❑ Comité de Bioética de España → informes e casos prácticos: www.comitedebioetica.es
- ❑ SERAM (Sociedad Española de Radiología Médica) → protocolos e documentos éticos: www.seram.es
- ❑ IAEA – Radiation Protection of Patients (en inglés): [IAEA RPOP](http://www.iaea.org/rpop)

